

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN PARA O EMPREGO IMPARTIDA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO DO CONCELLO

Entre as competencias que, en materia laboral, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

O artigo 48 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, do 08.07.2022) atribúe á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego.

O artigo 7.3 da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego (BOE núm. 51, do 01.03.2023) expón que corresponde ás Corporacións Locais, no marco das súas competencias, a colaboración e cooperación coas demais administracións para o logro dos obxectivos da política de emprego establecidos no artigo 4 e demais contidos na lexislación de referencia, sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego.

Así mesmo, recoñece a singularidade institucional das Corporacións Locais na posta en marcha e desenvolvemento das políticas de emprego, que se articulará a través do principio de cooperación e de convenios con outras Administracións.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia anual, co obxectivo de recoller as características e condicións que debe reunir a formación proposta polo Servizo Municipal de Emprego e Empresa do Concello para que as persoas alumnas participantes que finalicen con avaliación positiva todos os módulos formativos reciban os correspondentes certificados de profesionalidade.



O obxectivo da formación é proporcionar ás persoas participantes unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Ambas institucións comparten a crenza de que o capital humano é unha inversión prioritaria. Por iso, é necesario a ampliación e mellora das cualificacións, competencias, habilidades e da empregabilidade de persoas desempregadas e ocupadas, sinaladamente mediante a detección e atención das súas necesidades e intereses formativos e de readaptación profesional, así como a adaptación do seu perfil profesional ás demandas de empresas e sectores produtivos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, do 1 de outubro; o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro e a Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro. Polo tanto, queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago

